



## 6. A Alta Idade Media

---

# Para comezar

- Con que elementos identificas a Idade Media? Recoñeces algún destes elementos na túa vila ou cidade?
- Coñeces algún videoxogo ou película ambientados no período medieval? Como reflicten esta época?
- Recoñeces algunha festa medieval na túa contorna?

## O amencer medieval

A Idade Media foi un longo período histórico (mil anos aproximadamente) que comezou coa desaparición do Imperio romano e concluíu no século XV.

Aínda que poida parecer un tempo remoto, moitos aspectos da nosa vida no presente teñen as súas raíces na época medieval.

Como vivían os nosos antepasados medievais? Cal é a orixe do mundo islámico? Que nos pode ensinar hoxe a Idade Media?

Trataremos de descubri-lo ao longo desta unidade.

# O noso proxecto



## O noso proxecto

Reparaches algunha vez no tipo de connotacións que ten o adxectivo «medieval»? Identificas algunhas expresións nas que se empregue con intención pexorativa? Seguramente atoparás múltiples exemplos de usos de «medieval» na fala cotiá asociados a termos como: *atraso, incultura, barbarie, violencia, irreflexión* ou *abuso*.

Cal é a orixe destes prexuízos sobre o medieval? En realidade trátase dunha construción ideolóxica xurdida no Renacemento, principalmente nos séculos XIV e XV.

Para os intelectuais daquela altura, a caída do Imperio romano daría paso a un período de escuridade e decadencia que denominaron Idade Medida.

Autores como **Petrarca** cargaron duramente contra o período anterior para enxalzar as virtudes do tempo que eles inauguraban. Os humanistas presentaron o medievo como un ermo cultural, un período tenebroso ao que se poñía fin grazas aos logros artísticos e culturais por eles acadados.

A propia denominación de Idade Media transmite a idea dun período intermedio entre os dous momentos considerados de esplendor: o mundo clásico grecorromano e o do Renacemento. Esta imaxe instalouse na mentalidade colectiva até mediados do século XX, cando algúns historiadores e historiadoras comezaron a matizala. As conclusións que obtiñan

das súas investigacións non se correspondían con aquela visión simplista de atraso e barbarie coa que se caracterizaban os dez séculos medievais. A Idade Media era moito máis.

Neste proxecto propoñémosvos unha **nova ollada sobre o período medieval**. Realizaredes unha investigación sobre diferentes campos que axude a matizar algúns destes prexuízos, que logo divulgaredes a través dun programa de radio.

Na primeira parte do proxecto centraremos a nosa ollada no mundo islámico xa que alí se experimentou un impresionante desenvolvemento da filosofía e a ciencia entre os séculos VIII e XIII. Mantivéronse contactos coas tradicións orientais e traducíronse os clásicos gregos, sendo os protagonistas da transmisión destes saberes a Occidente.

Comezaremos cunha introdución ao **contexto histórico e cultural do islam medieval**.

Consultando as webs indicadas, **un grupo** compilará a información esencial da unidade e investigará algúns aspectos relacionados co florecemento **cultural** e **científico** experimentado así como as condicións que o fixeron posible. Unha vez finalizada a fase de documentación, gravaredes un **audio** onde expoñeredes a información.

Coa axuda desta **información** e a súa biografía, **outro grupo** realizará unha entrevista ficticia a un personaxe histórico. Propoñémosvos a **Avicena**, un médico e filósofo persa que viviu entre os séculos X e XI que representa o espírito científico e o amor pola sabedoría que caracterizou o seu tempo. A continuación, elaboraredes un guión con preguntas que **gravaredes** en formato de entrevista.

Para concluír o programa, **outro grupo** buscará as pegadas que o esplendor árabe deixou no noso vocabulario. Para iso, os compoñentes do grupo rastrexarán palabras de procedencia árabe presentes no noso léxico e exporán a xeito de **«Sabías que...?»** a súa etimoloxía e os avances relacionados con ese campo. A modo de exemplo, suxerímosvos algunhas delas: «alquimia» e «alcol» son termos que vos poden servir para explorar o mundo da química. No campo das matemáticas, «álgebra», «algoritmo» ou «cifra» son claras mostras da importancia que esta ciencia tivo no islam medieval. Por último, palabras como «nora» ou «algodón» reflicten os adiantos experimentados na agricultura islámica. Cos resultados obtidos **gravaredes** unha cuña informativa.

Aquí tes un documento para avaliar o teu traballo e o do teu grupo.

# A ruptura da unidade do Mediterrâneo

## O colapso do Imperio romano

O Imperio romano estendeu as súas conquistas polas beiras do mar Mediterráneo, ao que chamaban *Mare Nostrum*. O espazo do Imperio incluía boa parte de Europa, o norte de África e Asia Menor o que fixo que o Mediterráneo fose un espazo unido gobernado desde Roma.




## Mapa do Imperio romano

As dificultades para administrar un territorio tan extenso conduciron a unha **grave crise** política, económica e social no século III. Ademais, os pobos xermánicos -que vivían fóra das **fronteiras do Imperio** e aos que os romanos chamaban **bárbaros**- asentáronse nos dominios do Imperio.

Como consecuencia destes problemas, tras a morte do emperador Teodosio no ano 395, produciuse a **división do Imperio** en dúas partes:

- **Imperio romano de Oriente:** con capital en Constantinopla, gobernado polo emperador Arcadio.
- **Imperio romano de Occidente:** con capital en Roma, gobernado polo emperador Honorio.

A partir deste momento existirán dous imperios e polo tanto dous emperadores, un en Oriente e outro en Occidente. A división do Imperio supón a **primeira ruptura da unidade no Mediterráneo**.




## Mapa da división do Imperio romano

A crise continuou a agudizarse e a finais do século V (ano 476) asistimos á

## desaparición da parte occidental do Imperio coa caída de Roma.

Este feito histórico tivo unha transcendencia enorme porque supuxo a definitiva fragmentación da unidade que Roma forxara no Mediterráneo. A partir dese momento cada espazo evolucionou de forma diferente:

- **O Imperio romano de Oriente**, ao non verse afectado polas incursións xermánicas, sobrevivirá durante case mil anos máis baixo a denominación de **Imperio bizantino**. A súa capital establécese na cidade de Constantinopla, que pasará a chamarse Bizancio.
- **O Imperio romano de Occidente**, tras a caída de Roma foi ocupado e reorganizado polos pobos xermánicos. Ostrogodos, francos, suevos ou visigodos asentáronse neste territorio e formaron os primeiros **reinos xermánicos medievais**.




Mapa dos reinos xermánicos e Imperio bizantino



# O xurdimento do islam

No século VII, un novo poder aparece no Mediterráneo: o **islam**. A partir das doutrinas religiosas predicadas polo profeta Mahoma na península de Arabia, o pobo do islam irrompe na historia e comeza a espallarse por Oriente Próximo e o norte de África durante os séculos VII e VIII. No seu avance chegarán á península ibérica, onde formarán **Al Andalus**.



## Expansión do islam

O xurdimento e expansión do islam constitúe a **segunda ruptura do Mediterráneo**.

Se a división do Imperio romano partira o Mediterráneo en dous espazos diferenciados ao leste e oeste (Imperio bizantino e reinos xermánicos), a expansión do islam pola franxa sur do *Mare Nostrum* consolida esta ruptura, mais neste caso cun corte horizontal.

## Actividades



1. Traballa sobre un mapa como este.

Traza sobre el unha liña vertical que indique a primeira ruptura do Mediterráneo e outra horizontal que represente a segunda ruptura. Inclúe as datas e identifica cun nome cada un dos tres espazos resultantes e sinala sobre eles as principais cidades.

2. Relaciona as datas da primeira columna co momento histórico que lle corresponde.

Século III	Caída do Imperio de Occidente (Imperio bizantino, reinos xermánicos).
Ano 395	División do Imperio.
Ano 476	Aparición do islam.
Século VII	Crise do Imperio.

# Os reinos xermánicos na Europa occidental


## A chegada dos pobos xermánicos

A debilidade do Imperio romano a partir do século III permitiu aos pobos xermánicos introducirse progresivamente nas súas fronteiras.



## Pobos xermánicos nas fronteiras do Imperio romano

Estes pobos protagonizaron grandes migracións desde o norte de Europa na busca de novas terras nas que asentarse, debido ao crecemento demográfico e á presión dos **hunos** desde o leste. Expandíronse a través de ocupacións violentas, invasións do territorio, pero tamén chegaron a pactos e acordos co Imperio polos que se lles permitía a entrada e mesmo se lles concedía a cidadanía romana.



## Migracións dos pobos xermánicos

No ano 476 o xefe xermano Odoacro<sup>[1]</sup> entra en Roma e destitúe a Rómulo Augústulo, último emperador de Occidente. Este feito histórico, a caída de Roma, supón a fin do Imperio romano de Occidente e o comezo da Idade Media en Europa.



Mapa da Europa dos reinos xermánicos

## Características dos reinos xermánicos

Sobre o territorio do Imperio de Occidente os pobos xermánicos constituíron os **primeiros reinos medievais**. Aínda que en cada un deles xurdiron particularidades, estas son as características comúns para a Europa occidental inmediatamente posterior á caída do Imperio:

### Clima de inseguridade

Desde o século V producíronse violentos enfrontamentos entre os pobos xermánicos. Ademais, durante os séculos IX e X Europa sufrirá as denominadas *segundas invasións*:

- Os **viquingos** convertéronse nunha importante potencia naval e comercial, e xunto cos **normandos** protagonizaron incursións marítimas desde Escandinavia ao norte de Europa.
- A situación non era máis tranquila polo leste, onde presionaban pobos como os **eslavos**, os **húngaros maxiarios** ou os **ávaros**.
- Por último, no sur os **árabes** ameazaban as rutas comerciais que atravesaban o Mediterráneo.



Mapa das invasións nos séculos IX e X

[Clica aquí](#) para ampliar a información sobre estes novos pobos que chegan a Europa.



# Economía agraria e ruralización

O clima de inseguridade e os frecuentes enfrontamentos supuxeron a paralización dos intercambios comerciais a grande escala e o afundimento das cidades.

Moita poboación trasladouse ao espazo rural, onde era máis fácil a supervivencia, e baseou a súa economía na **agricultura** e na **gandaría** de subsistencia producindo o necesario para vivir.

As ferramentas e técnicas de traballo eran moi arcaicas polo que a produtividade foi baixa e non permitiu xerar excedentes para o comercio.



Campeñiños traballando

## Fragmentación do poder político

Tras a desaparición da autoridade central que representaba o emperador, o poder político en Europa occidental disgregouse en diferentes **reinos** nos que un **monarca** posuía o mando político e militar.

Porén, estes monarcas non estableceron a corte nun lugar fixo e moitas veces nin sequera eran quen de impoñer a súa autoridade en todo o territorio. Para iso, os reis contaron co apoio dunha **nobreza guerreira** coa que, en definitiva, compartían o poder.

# Sociedade

Unha **aristocracia** laica e eclesiástica acumulou grandes extensións de terra en propiedade: os latifundios.

Baixo o seu dominio estaban os campesiños, que dependían dos propietarios para o seu sustento e recibían destes seguridade.

## Cultura: fusión romano-xermánica


Os pobos xermánicos, que mantiñan contactos co Imperio desde séculos atrás, non substituíron os modos de vida que existían nos territorios nos que se instalaron.

En xeral, produciuse a fusión de ambas culturas: **moitos xermanos convertéronse** ao catolicismo, os individuos mesturáronse, casaban entre eles e enterrábanse nos mesmos cemiterios.






1. Explica como causas polas que os pobos xermánicos penetraron nas fronteiras do Imperio romano.



2. Compara o mapa dos reinos xermánicos cun mapa da Europa actual . ¿Con que países actuais se corresponde o territorio dos principais reinos xermánicos medievais?



3. Aquí tes un mapa da Europa dos reinos xermánicos. Marca os enunciados que van emparellados con esta imaxe.



- a. Marca o comezo da Idade Media tras o colapso do Imperio romano.
- b. Supuxo unha fractura do Mediterráneo en dous espazos ao leste e oeste.
- c. Correspóndese coa formación dos primeiros reinos medievais.
- d. No sur da península Ibérica formouse Al-Andalus, tras a expansión do islam.

4. Indica a que época corresponden os seguintes elementos.

	IMPERIO ROMANO	REINOS XERMÁNICOS
Economía comercial e urbana	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fragmentación do poder político	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Economía agraria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Unidade política arredor do Mediterráneo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

↑[1]

## Odacro restituíndo a Rómulo Augústulo



# O Imperio carolinxio e a consolidación do feudalismo

## Formación do Imperio carolinxio

Dos pobos xermánicos que ocuparon as Galias tras a caída do Imperio romano foron os **francos** os que constituíron o reino máis poderoso. Entre os séculos V e VIII a **dinastía merovinxia** consolidouse e ampliou as fronteiras do *Regnum francorum* (Reino de los francos).

Estes territorios eran considerados patrimonio persoal do rei, que ademais comezou a transmitir o cargo de pai a fillo, o cal aseguraba que todo ese patrimonio se mantivese na mesma familia.

Pero no século VIII unha poderosa familia da nobreza franca logrou impoñerse sobre a dinastía reinante. [Pipino o Breve](#) recluíu nun mosteiro o último rei merovinxio e inaugurou a **dinastía carolinxia**. O novo rei foi recoñecido e apoiado polo papa, é dicir, produciuse unha alianza entre a Igrexa e o Estado carolinxio.






## O Imperio carolinxi

O primeiro rei carolinxi transmitiu a coroa ao seu fillo, **Carlomagno**, quen recibía en herdanza un **extenso territorio**, que aínda se vería ampliado polas súas conquistas.

Carlomagno reforzou os lazos co papado e converteuse no seu protector combatendo os musulmáns ou os eslavos nas fronteiras do seu imperio.

Grazas a esta alianza foi **coroadado emperador** no ano 800, nunha cerimonia que tivo lugar na basílica de San Pedro en Roma. Carlomagno e o papado aspiraban a construír o *Imperium Christianum* (Imperio cristián), unha nova unidade de Europa semellante á do Imperio romano antes da súa descomposición.



Carlomagno

Non obstante, tras a morte de Carlomagno o Imperio foi dividido en varios reinos polo **Tratado de Verdún (843)**. A desaparición do Imperio carolinxi acentuou a



inseguridade en Europa.

# Carlomagno e as orixes do feudalismo

Nun contexto de inseguridade<sup>[2]</sup> provocado polas invasións de normandos, maxiars e musulmáns xurdiron dificultades para gobernar de forma efectiva **un imperio tan extenso**.

Ante esta situación, o emperador comezou a establecer fortes lazos coa nobreza para asegurar a defensa do territorio. Carlomagno e os seus sucesores estableceron o costume de ceder terras (feudos) aos nobres como pagamento polos servizos militares prestados.

Os nobres que recibían estas terras pasaban a converterse en vasallos do rei, ao que prestaban un xuramento de fidelidade que os comprometía a prestarlle axuda militar. A cambio, estes nobres tiñan autoridade sobre os campesiños que traballaban as súas terras, que debían entregar unha parte da colleita como renda por explotalas.

Entre os séculos IX e XII o modelo estendeuse por Europa, polo que a nobreza foi progresivamente administrando territorios cedidos directamente polo rei (feudos). Xorden así as marcas, condados e ducados, gobernados por marqueses, condes e duques. Estes nobres eran vasallos do rei pero tamén tomaban como vasallos os campesiños que vivían nos seus dominios, feito que os convertía en señores feudais.



Os servizos militares prestados a Carlomagno valéronlle a Roldán ser investido conde da Marca da Bretaña.

O sistema consolidouse cando os feudos comezaron a ser herdados de pais a fillos, polo que se perpetuaban de xeración en xeración.

Ademais da nobreza, a Igrexa comezou a integrarse progresivamente no sistema. Xa desde o século IX os membros do clero recibiron doazóns reais, polo que pasaban a administrar un territorio e se convertían en vasallos do rei.



## Sabías que...?

### O xuramento de vasalaxe

O xuramento de vasalaxe realizábase a través dunha cerimonia que tiña lugar na torre de homenaxe do castelo do señor. Consistía nun ritual cheo de símbolos; o vasalo, axeonllado e coa cabeza descuberta, entregaba as súas mans ao señor e proclamaba en voz alta: «Fágome o voso home». O señor aceptábao colléndolle as mans e finalmente se bicaban.



O contrato de vasalaxe vinculaba persoalmente dous nobres de diferente categoría. O máis poderoso, o señor, entregaba ao seu vasalo un feudo e este, a cambio, xuráballe fidelidade e axuda militar.



# O sistema feudal

Os historiadores denominaron feudalismo o sistema que progresivamente se foi formando en Europa a partir modelo do Imperio carolinxiño.

## O feudo, marco de relacións entre señores e campesiños

O feudo é a base do sistema pola importancia que ten a terra como unidade de produción económica logo do declive do comercio e das cidades e como base do poder político, pois é o territorio no que o señor feudal exerce a súa autoridade.



Territorio feudal

# A explotación económica do feudo

A terra do feudo dividíase en dúas partes: os mansos eran as porcións de terra que o señor cedía aos campesiños, das que debían obter todo o necesario para a súa subsistencia. Por outra banda, a reserva era a terra que o señor explotaba directamente e onde estaba a súa residencia (castelo ou mosteiro), así como os principais establecementos (cociña, forno, muíño,...).

Á parte existían os bosques comunais, que os campesiños podían aproveitar para obter leña, froitos ou para levar o gando a pastar.

Os campesiños sometidos ao réxime feudal mantiñan certas obrigas co seu señor. A riqueza económica que os señores obteñen da explotación do feudo denomínase **renda feudal** e incluía:

- Algúns días de traballo na reserva señorial (corveas).
- Porcentaxes da colleita que debían entregar á Igrexa (décimo) ou á nobreza (talla).
- Impostos polo uso das instalacións do feudo como o muíño, o forno, o celeiro ou as pontes.

# O feudo como base do poder político

Os señores feudais convertéronse en **gobernantes** dentro dos seus feudos, nos que exercían a autoridade sobre os campesiños; ademais de cobrar impostos, posuían a facultade de impartir xustiza e ditar ordes e leis. Isto significaba na práctica que o rei cedía o poder sobre un territorio aos nobres, polo que podemos dicir que o poder se fragmentou.

## A sociedade feudal

### Lazos de dependencia: señores e vasallos

Toda a sociedade quedou atravesada por relacións de dependencia persoal e vínculos

de vasalaxe, que convertían unhas persoas en señores e outras en vasalos ou en servos.

Moitos campesiños convertéronse en servos, polo que perdían a súa liberdade pero a cambio recibían a protección que o rei non lles podía garantir nun ambiente de inseguridade xeneralizado. Porén, algúns conservaron a súa liberdade e foron propietarios das súas terras, polo que non se someteron ás obrigas feudais; foron os chamados **campesiños libres ou alodiais**.

Aínda que eran señores dos campesiños no seu feudo, os nobres eran ao mesmo tempo vasalos do rei. Ademais, moitos nobres cedían parte do seu feudo a outros nobres menos poderosos, os **cabaleiros**, que pasaban a administralo e defendelo co seu exército.

Deste xeito formouse unha **baixa nobreza** cuxos membros non eran vasalos directos do rei senón que xuraban fidelidade a outros nobres máis poderosos ca eles, á **alta nobreza**.

Os membros do **clero** tamén formaron parte deste sistema de relacións pois **bispos** e **abades** foron posuidores de feudos: recibiron terras dos monarcas -nas que actuaban como señores feudais- e a cambio xuráronlles fidelidade polo que se convertían en vasalos do rei-. Ao igual que acontecía coa nobreza, diferenciamos entre o alto e o baixo clero.



Pirámide de distribución da sociedade no feudalismo.

## Sociedade estamental: privilexiados e non privilexiados

A sociedade feudal quedou dividida en tres grupos denominados ordes ou estamentos: a nobreza, o clero e o terceiro estado, formado por unha maioría de campestres e algúns artesáns.

A cada un dos estamentos encomendóuselle unha función:



# Nobreza (*bellatores*)

Defensa militar da sociedade. Incluía os condes, duques, marqueses, cabaleiros,... Dedicábanse fundamentalmente á guerra, caza e, desde o século XIII, á celebración de torneos.

Os máis poderosos vivían en castelos e tiñan cabaleiros (baixa nobreza) ao seu servizo. Foron frecuentes as loitas entre nobres por conseguir máis terras e poder ou, mesmo, que desafiases o poder dos reis.

# Clero (*oratores*)

Oración pola salvación espiritual da humanidade. Gozaba dun gran poder económico xa que posuían terras e ademais recibían do campesiñado o décimo. O alto clero (bispos e abades) procedía de importantes familias nobres e acumulou grandes propiedades; pola contra, o baixo clero (sacerdotes e monxes) proviña de familias campesiñas e vivía de forma máis modesta.

# Terceiro estado (*laboratores*)

Traballo para o mantemento da sociedade. Aínda que incluía algúns artesáns, a maioría eran campesiños. A súa vida xiraba arredor do traballo no campo marcado polo ritmo das estacións: arar, sementar, segar, vendimar, facer a matanza, etc.

Estaban sometidos ao pagamento de múltiples impostos polo que as súas condicións de vida foron difíciles: deficiente alimentación, casas pequenas só co máis imprescindible e falta de hixiene que con frecuencia producía enfermidades.

Os estamentos eran **grupos pechados** ou impermeables xa que se accedía a eles fundamentalmente a través do nacemento, feito que facía moi difícil a mobilidade social pois a pertenza a un estamento soía ser para toda a vida.

Cada un deles rexíase por unha forma de vida e un código de conduta particular. Entre os estamentos existían profundas desigualdades non só polo nivel de riqueza económica, senón pola existencia de **privilexios legais** dos que gozaban o clero e a nobreza. Pola contra, o campesiñado foi un estamento non privilexiado.

Os privilexios implicaban que a **nobreza e o clero** fosen xulgados por un código legal particular e que estivesen exentos do pagamento de impostos, polo que non tiñan que traballar, ademais de ter reservados os altos cargos nomeados polo rei. Pola contra, ao

pertencer a un estamento non privilexiado, **campesiños e artesáns** carecían de dereitos e víronse obrigados a traballar para subsistir e para facer fronte aos impostos e obrigas feudais.

Nun contexto de inseguridade e declive das cidades, a poboación buscou refuxio en construcións fortificadas situadas arredor do contorno rural: os castelos, controlados por señores laicos, e os mosteiros, controlados por señores eclesiásticos.

## Primeiros castelos e mosteiros


Os primeiros **castelos** levantados na Alta Idade Media consistían basicamente nunha torre fortificada rodeada por un valado de madeira. Servían como defensa militar no caso de invasión, pero tamén eran a residencia do señor desde a que administraba as súas posesións e impartía xustiza. O seu interior era rústico e sen rastro de luxo ou confort. Coa evolución do armamento e as técnicas militares, a partir do século X fíxose necesario o emprego da pedra e unhas murallas máis altas, como estudaremos na seguinte unidade.

A outra construción é o **mosteiro**, onde vivían comunidades de monxes baixo a autoridade dun abade ou prior. Cada mosteiro rexíase por unha orde ou regra, un conxunto de normas que debían cumprir de forma disciplinada e estrita. A máis importante foi a dos beneditinos, difundida por Bieito de Nursia no século VI, que propoñía unha forma de vida austera organizada arredor da oración e o traballo (*ora et labora*).

«O mosteiro debe de construírse de tal xeito que todo o necesario (é dicir, a auga, o muíño, o xardín e os diversos oficios) radique no seu interior, así os monxes non se verán obrigados a andar fóra de acá cara alá porque isto non é bo para as súas almas.»

Bieito de Nursia

E é que os mosteiros non só foron centros espirituais ou relixiosos senón tamén económicos, vinculados ao traballo agrícola e artesanal. Posuían grandes extensións de terra para explotar, que co tempo aínda se ampliaron grazas a doazóns de reis ou nobres. Estas propiedades eran traballadas por campesiños dependentes polo que os mosteiros actuaron como auténticos señores feudais.



\* Kloster Sanct Gallen nach dem Grundrisse vom Jahre 830. (Lasius).

No plano dun mosteiro ideal a igrexa domina o conxunto. Ao seu redor as celas dos monxes, o refectorio e a hospedaría.



## Sabías que...?

O mosteiro máis antigo de Galicia é [San Pedro de Rocas](#), en Esgos (Ourense).

Clica [aquí](#) para ver un vídeo sobre como era a vida nun mosteiro medieval.

## Actividades

1. O teólogo Alcuíno de York enviou unha carta a Carlomagno. Relaciona o texto da carta<sup>[3]</sup> con esta imaxe de Carlomagno<sup>[4]</sup>. A continuación explica como se xustificou o poder imperial de Carlomagno.

2. Le o seguinte texto e responde ás cuestións:

«A orde eclesiástica non se compón máis que dun só corpo. En cambio a sociedade está dividida en tres ordes. Separadamente do xa citado, a lei recoñece outras dúas condicións: o nobre e o servo, que non se rexen pola mesma lei.

Os nobres son os guerreiros, os protectores das igrexas. Defenden todo o pobo, os grandes o mesmo que os pequenos e ao mesmo tempo protéxense a eles mesmos.

A outra clase é a dos servos. Esta raza de desgraciados non posúe nada sen sufrimento [...].

Así pois a cidade de Deus que é considerada como unha, en realidade é tripla. Uns rezan, outros loitan e outros traballan. As tres ordes viven xuntas, os servizos de cada unha destas ordes permiten os traballos das outras dúas. E cada unha á súa vez presta apoio ás demais. Mentres esta lei estivo en vigor o mundo estivo en paz.»

Adalberón, bispo de Laon, 998.

Resume a idea principal do texto en dúas liñas.

3. A que estamento pertence o autor do documento?

4. Que intención persegue o texto?

5. Que argumentos se expoñen a favor da sociedade feudal?

6. Como contribuíu a Igrexa a establecer o sistema feudal?

7. Analiza as orixes do feudalismo respondendo ás seguintes preguntas.


Por que dicimos que no Imperio carolinxio comezou a formarse o sistema feudal?

8. Por que os campesiños se colocaron baixo a protección dun señor feudal?

9. Existían diferenzas económicas na sociedade feudal? E diferenzas legais? Compara estas características coa sociedade actual a través do artigo 1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos:



«Todos os homes nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente uns cos outros.»



10. Aquí tes un mapa do Imperio carolinxiño. Marca os enunciados que van emparellados con esta imaxe.



- a. Representou un intento de restaurar a unidade imperial romana baixo o cristianismo.
- b. Os territorios de fronteira eran administrados por nobres nomeados polo monarca.

- c. Correspóndese co período inmediatamente anterior ao xurdimento do islam.
- d. Apréciase a expansión do Imperio islámico, á custa do Imperio bizantino.
- e. Orixinouse a partir do reino dos francos.

**11.** Elixe a resposta correcta.

O poder dos monarcas durante a Alta Idade Media...

- a. Foi débil, polo que tiveron que compartilo coa nobreza.
- b. Foi absoluto, pois ocupaban o cumio da pirámide feudal.
- c. Foi debilitado pola supremacía da Igrexa.
- d. Foi enorme, xa que acaparaban a propiedade da terra.

**12.** Dicimos que o feudo era a base do poder político porque...

- a. Alí vivían os servos, sometidos á autoridade do señor feudal.
- b. Eran territorios gobernados directamente polo rei.
- c. Neles exercían a súa autoridade os señores en representación do rei.
- d. Deles extraía a nobreza a renda feudal.

**13.** O papel da Igrexa no feudalismo consistiu...

- a. En defender o territorio desde os castelos, nun contexto de inseguridade e violencia.
- b. Na oración e a vida contemplativa nos mosteiros.

- c. En criticar a autoridade dos monarcas e emperadores, xa que defendían o poder do papa.
- d. En administrar grandes extensións de terra e xustificar ideoloxicamente a sociedade estamental.

14. Na sociedade feudal, o terceiro estado estaba composto...

- a. Polos non privilexiados, fundamentalmente campesiños e artesáns.
- b. Polos grupos con menor poder económico: campesiños, artesáns e baixo clero.
- c. Polos servos, campesiños sen liberdade que traballaban as terras dun señor a cambio de protección.
- d. Polos vasalos, que xuraban fidelidade a un señor.

15. Le os seguintes documentos históricos e responde ás cuestións.

Documento A.

«O conde preguntou ao futuro vasalo se quería converterse no seu home sen reservas, e aquel respondeu: *Quéroo*. Despois, xuntando as mans que o conde cubriu coas súas, aliáronse cun ósculo. En segundo lugar, aquel que fixera a homenaxe prometeu fidelidade ao delegado do conde nestes termos: *Prometo pola miña fidelidade ser fiel ao conde Guillerme e gardar contra todos e enteiramente a miña homenaxe, de boa fe e sen enganar*. En terceiro lugar, xurou isto sobre as reliquias dos santos. Seguidamente, coa vara que tiña na man, o conde deu as investiduras a todos aqueles que, por este pacto, lle prometeran homenaxe e ao mesmo tempo lle prestaran xuramento.»

Galberto de Bruxas, século XII.


Documento B.

«En nome do Señor, eu Roxelio de Besiers, douche en feudo a ti, Arnaldo de Corleano, e ao teu xenro Beltrán de Peirala, aos vossos fillos e aos seus descendentes, o meu castelo chamado de

Claramont, que fortifico e mando fortificar no meu condado Rodense, no meu honor, coas fortificacións que hai no castelo e que en diante se constrúan, agás unha casa que me reservo para facer toda a miña vontade. Entrégovos o castelo para que o teñades en feudo meu, salvo a miña fe, os meus dereitos señoriais e a miña xustiza.»

Citado en B. Cuaz. *En tiempos de los castillos feudales*, páx. 11.

Que acto describen os documentos?



**16.** A que estamentos pertencen os protagonistas?



**17.** A que se comprometía cada unha das partes?



↑ [2]

## Invasións nos séculos IX e X





↑ [3]

## Carta de Alcuíno de York a Carlomagno

Tres personaxes estiveron ata hoxe no cumio da xerarquía do mundo.

O representante da sublimidade apostólica, vigairo do benaventurado Pedro, príncipe dos apóstolos, de quen ocupa a sede. O que lle aconteceu ao actual ocupante da sede, a vosa bondade encargouse de comunicarmo. Vén, a continuación, o titular da dignidade imperial que exerce o poder secular na segunda Roma: a noticia é moi coñecida, de como e de que impía maneira foi deposto o titular deste Imperio, non por estranxeiros senón polos seus e polos seus concidadáns. Vén en terceiro lugar a dignidade real que o noso Señor Xesús Cristo vos reservou para que gobernades o pobo cristián: prevalece sobre as outras dúas dignidades, eclípsaas en sabedoría e sobrepásaa. Agora, só en ti se apoian as igrexas de Cristo, só de ti esperan salvación, de ti vingador de crimes, guía dos que vagan, consolador dos aflixidos, soporte dos bos.

↑[4]

## Imaxe de Carlomagno



# O Imperio bizantino

O Imperio bizantino foi o Estado herdeiro do Imperio romano de Oriente. Recibe esta denominación pola súa capital, Bizancio. Coñecida actualmente como Istambul (Turquía) e que xa fora a capital do emperador Constantino (306-337).

Tras a súa constitución no ano 395 (división do Imperio), Bizancio logrou resistir a chegada de pobos bárbaros. Será un dos imperios máis lonxevos da historia, con máis de mil anos de vida.

## Evolución histórica



## Mapa do Imperio bizantino

O Imperio bizantino pódese dividir en 3 etapas:

- **Esplendor con Xustiniano (s. VI).** O emperador aspiraba a reconstruír a unidade perdida do Imperio romano. Por iso iniciou unha serie de **conquistas** que ampliaron o territorio polo Mediterráneo occidental: norte de África, illas de Córsega, Sardeña e Baleares, o sur de Italia e o sur e leste da península Ibérica.  
  
Foi ademais un período de **esplendor cultural**, destacando en ámbitos como o dereito (recompilación do dereito romano de Xustiniano) ou a arte (Santa Sofía de Constantinopla).
- **Repregamento (s. VII-VIII).** Foi un período de decadencia no que moitos territorios no Mediterráneo caeron en poder dos musulmáns, ao tempo que os búlgaros asediaban desde o norte.



Mapa do Imperio Bizantino. Ano 1000

- **Declive e desaparición (s. XI-XV).** Bizancio entrou nunha profunda crise. No Occidente continuaba a perda de territorios ante o avance dos normandos mentres na zona oriental sufría as ofensivas dos cruzados cristiáns e dos turcos. A desaparición do Imperio prodúcese no 1453 coa **toma de Constantinopla polos turcos.**



## Sabías que...?

Teodora foi unha emperatriz feminista.

Ser muller nun contexto machista e patriarcal como o da Idade Media non era cousa fácil, sobre todo procedendo de orixes humildes. Foi o caso de Teodora, que con 16 anos traballaba como meretriz e artista na capital bizantina, Constantinopla.


Pero esta muller rachou co seu destino: Teodora chegou a gobernar o Imperio bizantino ao

casar co emperador Xustiniano, durante o esplendor do século VI.

Aproveitou o seu acceso ao poder para defender os dereitos das mulleres e aprobou leis tan adiantadas para o seu tempo que lle valeron a consideración de **pioneira do feminismo**.

Estas son algunhas das medidas impulsadas por Teodora e encamiñadas a conseguir a igualdade da muller:

- Instaurou o dereito ao divorcio.
- Prohibiu os castigos por adulterio.
- Promoveu o recoñecemento dos fillos nados fóra do matrimonio.
- Recoñeceu o dereito da muller á herdanza.
- Estableceu castigos para violadores e outros maltratadores.
- Permitiu a posibilidade de interromper o embarazo.
- Decretou a prohibición da prostitución forzosa.
- Autorizou a unión de persoas de clases sociais distintas.



Teodora nun mosaico de [San Vital](#), en [Ravena](#).

[Clica aquí](#) se queres escoitar un fragmento da radio sobre Teodora.



# Organización e características

## Poder político e relixioso: cesaropapismo

O emperador bizantino (*basileus*) concentraba na súa persoa o poder político e o relixioso, unha práctica coñecida como cesaropapismo. Era coroado polo patriarca de Constantinopla -figura análoga ao papa de Roma en Occidente-, feito que confería ao seu poder un carácter sagrado.

O sistema de goberno instaurado apoiábase nun corpo de funcionarios encargados das tarefas administrativas do Imperio, un poderoso exército e a Igrexa.

## Unha economía comercial

Aínda que a actividade fundamental continuou a ser a **agricultura**, en Bizancio desenvolveuse unha importante **artesanía** baseada na fabricación de produtos de luxo (seda, tapices, marfil, etc). Tamén experimentou un impulso o comercio, favorecido pola estratéxica situación xeográfica e por unha moeda forte.

## Sociedade xerarquizada

A sociedade distribuíase en 3 niveis:

- Os grupos dominantes foron a aristocracia, que acaparaba as terras (latifundios) e se reservaba os altos postos na Administración, e os altos cargos da Igrexa, que servían aos intereses do emperador.
- Nun nivel inferior situábanse os campesiños libres, o baixo clero, e aqueles artesáns e comerciantes enriquecidos coa florecente actividade mercantil e urbana.
- Privados de liberdade e sometidos aos traballos máis duros vivían os servos e os escravos.

# Igrexa bizantina: Cisma de Oriente

Bizancio adoptou desde moi cedo o cristianismo, pero con algunhas particularidades que o diferenciaban do cristianismo occidental.

O enfrontamento entre o máximo líder da Igrexa de Occidente, o papa de Roma, e o da Igrexa de Oriente, o patriarca de Constantinopla, concluíu co Cisma de Oriente (1054), que supuxo a separación da Igrexa católica occidental e a Igrexa ortodoxa oriental. Esta fractura relixiosa acentuou aínda máis as diferenzas entre ambas partes do Mediterráneo.

A Igrexa bizantina estivo subordinada á figura do emperador.

## Cultura: ligazón coa tradición clásica

As bibliotecas bizantinas conservaron e transmitiron a herdanza cultural do mundo grecorromano. A partir do Cisma de Oriente o mundo bizantino helenizouse e adoptou o grego como lingua oficial.

Autor (Foto de escudo): [Colossus](#)



1. Escudo do Imperio bizantino. Unha águia bicéfala porta unha cruz e unha espada.
2. Mosaico bizantino onde se representa a Xesús no centro coa emperatriz Zoe e o emperador Constantino.



## Sabías que...?

Aínda que poida parecer un mundo remoto, exótico e oriental, Bizancio e Galicia están máis achegados do que poderíamos imaxinar.

Martiño de Dumio foi un sacerdote chegado do Oriente bizantino a Galicia coa misión de corrixir algunhas prácticas relixiosas non acordes co cristianismo ortodoxo (herexías). Aínda que naceu en Panonia (actual Hungría) trasladouse no ano 550 até o reino suevo de Galicia, ao que chamaba *Finis Terrae*. Así se recolle no seu epitafio, que el mesmo redactou:

«Nacido na Panonia, atravesando bastos mares, impelido por sinais divinos para o seo de Galicia, sagrado bispo nesta túa igrexa.»

O seu labor foi determinante para a consolidación do *Galliciense Regnum*.

Ademais de contribuír á difusión do cristianismo, foi o grande organizador do monacato galego e fundador dalgúns **mosteiros como o de Dumio**, onde se atopa o seu sarcófago.

No eido cultural, trouxo a Galicia a sabedoría oriental e mesmo deixou pegadas na nosa lingua, como a referencia aos días da semana por feiras.



Martiño de Dumio

## Actividades

1. Identifica neste [mapa](#) dinámico as etapas do Imperio bizantino.

2. A fractura do Mediterráneo orixinou co paso do tempo dous mundos diferentes: oriente e occidente. Completa a táboa cos elementos característicos de cada unha destas realidades.

	OCCIDENTE (Reinos xermánicos, Imperio carolinxio)	ORIENTE (Imperio bizantino)
EXTENSIÓN XEOGRÁFICA		
CRONOLOXÍA-ETAPA DE ESPLENDOR		
LINGUA		
RELIXIÓN		

3. Identifica nestas imaxes as representacións da Igrexa (poder espiritual) e o Estado (poder temporal).




Existía algunha relación entre a Igrexa e o Estado na época bizantina?


4. Compara as imaxes da actividade anterior imaxes co mosaico carolinxio do palacio de Letrán. Que conclusións podes extraer?

5. Por que a evolución do Imperio romano de Oriente foi diferente da que se produciu na parte occidental?






6. Completa o seguinte eixe cronolóxico cos feitos máis importantes da evolución do Imperio bizantino.



- \_\_\_ Declive polo avance de normandos, cruzados cristiáns e turcos.
- \_\_\_ División do Imperio romano e formación do Imperio bizantino.
- \_\_\_ Desaparición do Imperio bizantino coa toma de Constantinopla polos turcos.
- \_\_\_ Esplendor baixo o reinado de Xustiniano.
- \_\_\_ Repregamento pola presión de musulmáns e búlgaros.

7. Aquí tes un mapa do Imperio carolinxiño. Marca os enunciados que van emparellados con esta imaxe.





- a. Representase o período de esplendor baixo Xustiniano no século VI.
- b. Correspóndese co período inmediatamente anterior ao xurdimento do islam.
- c. Produciuse a cesión de feudos á nobreza, que é a orixe do feudalismo.
- d. Desenvolveuse unha economía comercial baseada en produtos de luxo (seda, tapices, marfil...).

---

# Nacemento e expansión do islam

## A orixe do islam

O marco xeográfico onde xorde o islam é a península Arábiga<sup>[5]</sup>, unha rexión rodeada por mares e desertos na que os seus habitantes eran politeístas, que se organizaban en tribos e que se dedicaban á agricultura preto dos oasis e ao comercio en caravanas. A cosmopolita cidade da Meca exercía como o seu centro relixioso e mercantil.



Mapa da Arabia preislámica

## Mahoma, autoridade política e relixiosa

Na Meca naceu Mahoma, no ano 570, considerado o profeta e fundador do islam. Segundo conta a tradición, aos 40 anos Mahoma recibiu unha **revelación** a través do arcanxo Gabriel, quen lle comunicou que era o elixido de Alá (*Deus* en árabe) para predicar a palabra divina. A mensaxe revelada por Alá ao seu profeta contense no libro sagrado dos musulmáns, o **Corán**.



## Arcanxo Gabriel e Mahoma

As predicacións de Mahoma atacaban as vellas crenzas da cidade da Meca, pois defendía unha relixión estritamente **monoteísta**: «Non hai máis Deus que Alá».

Foi perseguido polas elites da Meca e tivo que fuxir cos seus seguidores cara a Medina (Héxira, ano 622). Porén, no ano 630, Mahoma conseguiu regresar á Meca e conquistala, convertendo a maioría dos habitantes de Arabia ao islam.

A mensaxe de Mahoma creou un **sentimento de unidade** en comunidades que até entón estiveran enfrontadas e **unificounas como pobo**.

Mahoma converteuse nunha autoridade relixiosa pero tamén política xa que era o xefe do novo Estado. Velaquí unha característica constante no mundo islámico: a **autoridade relixiosa** e a **autoridade política** recaían nunha mesma persoa.





## Sabías que...?

Todos os musulmáns se colocan en dirección á Meca para rezar. Tamén moitas mesquitas están orientadas cara a esta cidade. A urbe acolle multitude de peregrinos cada ano que cumpren así con un dos preceptos do islam.

A súa importancia débese a que foi a cidade natal de Mahoma e da que tivo que emigrar na Hélixira, pero xa desde tempo atrás era un centro relixioso para os habitantes de Arabia pola existencia dun templo que contiña unha pedra moi singular.

Autor: [Zakaryaamr](#)



Peregrinos rodeando a Kaaba.

A *Kaaba*<sup>[6]</sup> en árabe ('o cubo' ou 'o dado'), é un santuario considerado polos musulmáns «a casa de Deus».

Nunha das súas esquinas ten incrustada a **Pedra Negra**, unha reliquia que segundo a tradición islámica foi entregada polo arcanxo Gabriel a Abraham que nun principio era branca, pero os pecados da humanidade tornárona escura.

Actualmente o santuario está situado no interior da Gran Mesquita da Meca, en Arabia Saudí.

No primeiro día de peregrinación á Meca os musulmáns dan sete voltas arredor da Kaaba e detéñense para bicar a Pedra Negra. Sobre ela xuran fidelidade a Alá.

## División no islam: xiítas e sunnitas

Tras a morte de Mahoma no ano 632 abriuse o debate sobre quen debía suceder o profeta como máxima autoridade relixiosa e guía da comunidade islámica. Aínda que os primeiros catro sucesores (**califas**) de Mahoma foron escollidos entre os seus discípulos, axiña apareceron grupos que cuestionaron a súa autoridade. Xurdiron así dúas correntes que até a actualidade dividen a comunidade musulmá en dúas tendencias:

- Os **xiítas**, que defendían que a autoridade de Mahoma debía transmitirse a través dos seus familiares directos polo que recoñeceron como califa lexítimo a Alí, primo e xenro de Mahoma.
- Os **sunnitas**, que concederon importancia non só ao Corán senón tamén á **Sunna**, unha colección de ensinanzas e feitos atribuídos a Mahoma e que segundo eles debían marcar o exemplo a seguir para todo musulmán.

Os xiítas eran e seguen a ser minoría. Concentráronse na parte oriental do Imperio, onde aínda se atopan na [actualidade](#).

## A doutrina islámica

A palabra **islam** significa submisión, obediencia ou entrega total a Alá, ao que consideran o único Deus: trátase dunha relixión monoteísta como a cristiá ou a xudía.

Os principios da relixión islámica contéñense no seu libro sagrado, o **Corán**, entendido como a palabra de Alá revelada ao seu profeta, Mahoma.

Pero o Corán é tamén un código de conduta que guía a comunidade de crentes na súa vida diaria, distingue o que está ben do que está mal, ofrece uns valores e mesmo



nalgúns casos foi considerado a base da lexislación (**sharia**, 'lei islámica').

A esencia da mensaxe do Corán encóntrase nos cinco deberes fundamentais para todo musulmán, os cinco piares do islam:

1. Profesión de fe «Non hai máis Deus que Alá e Mahoma é o seu profeta».
2. Oración cinco veces ao día e en dirección á Meca.
3. Xaxún durante o **Ramadán**.
4. Esmola, axuda aos necesitados.
5. **Peregrinación** á Meca polo menos unha vez na vida.

O edificio de culto empregado polos musulmáns é a **mesquita** e a persoa encargada de dirixir a oración colectiva o **imán**. Outras figuras importantes son os **ulemas**, encargados do estudo e interpretación dos textos sagrados, ou os **cadís**, que imparten xustiza seguindo a lei islámica (*sharia*).




## Sabías que...?

Unha das ideas máis polémicas do islam é a da *yihad*. A palabra significa en árabe 'esfuerzo' pero as interpretacións que dela se fixeron son tremendamente diverxentes.

Existe unha visión militarista da *yihad* que a asimila á guerra santa contra os considerados infieis, e que a utilizan para xustificar actos de violencia. Pola contra, outra parte do mundo islámico concibe a *yihad* como un esforzo espiritual para vivir segundo os principios do islam e que encamiña cara á xustiza, á harmonía social e á cooperación.

Pero a pugna polo verdadeiro significado de *yihad* non é o único debate que sacode o mundo islámico na actualidade. Temas como o papel da muller ou a *sharia* son tamén obxecto de discusión, o que revela que no seo do islam existen concepcións distintas ou mesmo enfrontadas, polo que non debemos consideralo un mundo homoxéneo.

# A expansión do islam



A expansión islámica.

## Fases da expansión islámica

Como acabamos de ver, en tempos de Mahoma os musulmáns impuxeron a súa autoridade en Arabia. Tras a súa morte a expansión do islam continuou baixo o goberno dos diferentes califas, o que permitiu aos musulmáns conquistar e ocupar cada vez máis territorios até formar o **Imperio islámico**. Podemos organizar a súa evolución nas seguintes etapas:

# 1. A primeira expansión: o califato ortodoxo (632-661).

Corresponde á fase de goberno dos catro califas sucesores de Mahoma, que gobernaron desde a cidade de Medina e espallaron o islam cara ao leste, polos territorios de Mesopotamia e Persia, e cara ao oeste, ocupando Siria, Palestina e Exipto.



Mapa do califato ortodoxo

## 2. O califato dos omeia de Damasco (661-750).

Coa chegada ao poder da familia dos **omeias** introducíronse algúns cambios: a capital trasladouse a **Damasco** (Siria) e estableceuse a sucesión hereditaria.

A dinastía Omeia ampliou a expansión do islam polo norte de África até chegar á península Ibérica onde se formará Al Andalus (ano 711) e continuaron os avances en dirección leste.



Mapa do califato dos omeias


### 3. O califato abasida de Bagdad (750-1258).

A familia dos omeia foi destronada por unha nova dinastía, **os abasidas**, que trasladaron a capital do califato a **Bagdad** (Iraq).

Neste tempo os musulmáns controlaban o Mediterráneo, que foi o escenario dunha rica actividade comercial e permitiu espallar a influencia do islam por África e Asia. O maior éxito foi lograr unha unidade económica desde a India até o océano Atlántico.

Porén, desde o século IX comezou o período de **decadencia abasida e de fragmentación** e loitas internas no mundo islámico. Ademais, o mundo islámico recibiu a invasión de tribos procedentes de Asia: os turcos e os mongois.

Autor: [Busterof666](#), [Gustavo Girardelli](#), [rowanwindwhistler](#)



Mapa do califato abasida

## 4. Novos imperios (s. XIII-XX).

En 1258 os mongois -un pobo nómade procedente de Asia- saquean Bagdad e poñen fin á dinastía abasida. Pero este feito non suporá a desaparición da nova relixión, senón que os mongois, islamizados, continuaron espallando o islam por Asia Menor, Asia Central e a India.

En 1453 os turcos toman Constantinopla e constitúen o **Imperio turco otomán**, que dominou o mundo islámico até o século XIX e a súa definitiva desaparición tras a Primeira Guerra Mundial (1923).


## Organización do Imperio islámico

O califa ostentaba a máxima autoridade e concentraba o poder relixioso e político. Pero para administrar un territorio tan extenso, os califas delegaron parte do seu poder nun **visir**, unha persoa de confianza que os asesoraba, a modo de primeiro ministro. O territorio foi dividido en provincias, á fronte das cales un emir gobernaba en representación do califa.

Para facilitar a integración dos pobos conquistados, os musulmáns permitíronlles conservar a súa relixión, manter as súas leis e continuar a desenvolver os seus oficios a cambio do pagamento dun tributo.

Os territorios nos que se expandiu o islam transformáronse profundamente. Os seus habitantes pasaron a sentirse parte dunha comunidade, por riba de diferenzas nacionais, étnicas ou de raza. Os elementos que os unían eran a relixión (islam), a lingua (árabe) e a moeda (dinar de ouro e dirhem de prata).





O imperio islámico formou unha unidade económica baseada na artesanía, no comercio e nunha extensa rede de cidades.

## Economía agrícola, artesanal e comercial

A maioría da poboación dedicábase ao **cultivo** de produtos como arroz, trigo, cebada, cana de azucre, azafrán, algodón ou verduras como a berenxena. Tomaban a agricultura moi en serio, existían estudos científicos e publicacións botánicas que permitiron lograr importantes avances:

- A **rotación de cultivos** permitiu obter máis dunha colleita cada ano e non desaproveitar a terra.

- Inventaron sofisticados **sistemas de rega**: nora, canles, muíños hidráulicos ou de vento, etc.

Isto permitiu aumentar a produtividade, polo que se producía máis do necesario para vivir e podían vender os **excedentes** no mercado. Polo tanto, pasouse dunha agricultura de subsistencia a unha agricultura comercial.

En canto ás actividades urbanas, cidades como Damasco, O Cairo e Bagdad convertéronse en centros **manufactureiros** arredor de produtos como a seda ou o algodón. Os artesáns vendían nos mercados (zocos) perfumes ou produtos de coiro, metal e cerámica.

O Imperio islámico constituíu así unha rede de cidades que serviron de base para unha intensa actividade comercial, favorecida pola existencia dunha economía monetaria. Rutas terrestres e marítimas conectaban o Mediterráneo co Índico, como por exemplo a [Ruta da Seda](#) que se estendía até a India e China.

## Unha sociedade multicultural

Foi unha sociedade diversa desde o punto de vista étnico -árabes, beréberes, escravos negros- e relixioso -musulmáns, cristiáns, xudeus- convivían nunha mesma sociedade.

Como é característico da Idade Media, a riqueza estaba ligada á **posesión da terra**. A minoría aristocrática, xeralmente de orixe árabe, acumulou grandes patrimonios territoriais mentres a maioría da poboación se dedicaba á agricultura, á artesanía e ao comercio. Na escala social máis baixa encontrábanse os escravos.



## Sabías que...?

### *Árabes e musulmáns?*

Seguro que escoitaches os dous termos, pero algunha vez preguntácheste se son sinónimos? A verdade é que moitas veces se empregan como se o fosen, mesmo nos medios de comunicación, pero isto é unha imprecisión como verás a continuación:

Ser **musulmán** significa ser practicante da relixión islámica. No mundo hai máis de mil millóns de persoas musulmás, o que converte esta relixión na máis estendida do planeta. África do Norte, Oriente Medio ou Asia son algúns dos territorios onde se concentra a maioría, pero existen persoas que profesan o islam tamén en Francia, Arxentina, Galicia ou calquera outro lugar.

Á diferenza de «musulmán», o termo «**árabe**» non fai referencia a quen practica unha relixión, senón que é un concepto cultural. Refírese ás persoas que viven en países de lingua e cultura árabes xa que en orixe esta cultura se formou na península de Arabia e se expandiu, a partir deste territorio, polo Oriente Medio e o norte de África.

Polo tanto, na actualidade consideramos países árabes aqueles nos que a poboación de lingua e cultura árabes é maioritaria. Son 22 países situados no norte de África e Oriente Medio que se agrupan na Liga Árabe.

## Actividades

1. **Organiza o que aprendiches.** Resume os cambios producidos entre a Arabia preislámica e a posterior a Mahoma. Podes organizalos así:

Desde o punto de vista relixioso.

2. Desde o punto de vista político e social.

3. Responde ás seguintes cuestións.

En que etapa se produciu a máxima expansión do Imperio islámico?

4. Que relación existía entre relixión e política no Imperio islámico? Atopas algunha semellanza coa situación nos Imperios carolinxio e bizantino?

5. Que diferenzas atopas entre a economía nos reinos xermánicos e a do ámbito islámico?

6. **Amplía os teus coñecementos.** Busca na rede mapas e información do mundo islámico e do mundo árabe e responde:

Cal é a diferenza entre mundo árabe e mundo islámico? Que elementos comparten os árabes e cales os musulmáns? Que organización internacional representa o mundo árabe e cal o mundo islámico?

7. Cita algúns exemplos de países de maioría musulmá, pero non árabes.

8. Busca países árabes nos que existan grupos relixiosos diferentes dos musulmáns.


9. Redacta un texto explicando a difusión da relixión **musulmá** e da cultura **árabe** na actualidade.

10. Corrixe as afirmacións erradas:

- A maioría dos árabes son musulmáns.



- Un chinés pode ser musulmán.
- Os musulmáns falan árabe.
- Os países árabes son os que están na península Arábiga.



**11.** Elixe a resposta correcta.

1. A dinastía Omeia estableceu a capital do Imperio islámico en...

- Bagdad
- Medina
- Damasco
- Córdoba

2. A persoa que imparte xustiza no mundo islámico é o...

- Ulema
- Cadí
- Califa
- Imán

3. A fuxida de Mahoma e os seus seguidores da Meca a Medina denomínase...

Ramadán

Sharia

Sunna

Hélixira

**12.** Elixe a resposta correcta.

1. A persoa que dirixe a oración colectiva é o...

Ulema

Imán

Visir

Cadí

2. O profeta da relixión musulmá foi...

Mahoma

Alá


O arcanxo Gabriel

O califa

3. A economía no Imperio islámico era principalmente...

- Rural e agraria
- Industrial
- Arcaica
- Comercial e urbana

13. Completa o seguinte eixe cronolóxico cos feitos máis significativos do Imperio islámico.



\_\_\_ Morte de Mahoma: califato ortodoxo.

\_\_\_ Califato abasida de Bagdad.

\_\_\_ Saqueo de Bagdad polos mongois.


\_\_\_ Nacemento de Mahoma.

\_\_\_ Califato omeia de Damasco.

\_\_\_ Hóxira.

\_\_\_ Constitución do Imperio turco otomán.

↑[5]  
**Península arábiga**



## ↑ [6] **A Kaaba**

A Kaaba (en árabe: "o cubo" ou "o dado") é un santuario considerado polos musulmáns "a casa de Deus". Nunha das súas esquinas ten incrustada a Pedra Negra, unha reliquia que segundo a tradición islámica foi entregada polo arcanxo Gabriel a Abraham. Nun principio era branca, pero os pecados da humanidade tornárona escura.


Actualmente o santuario está situado no interior da Gran Mesquita da Meca, en Arabia Saudí. O primeiro día de peregrinación á Meca os musulmáns dan sete voltas arredor da Kaaba e detéñense para bicar a Pedra Negra. Sobre ela xuran fidelidade a Alá.

---


# Ao peche

## Que aprendiches?

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Que aprendín sobre a Alta Idade Media?



2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Que aprendín sobre os reinos xermánicos?







**3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que aprendín sobre o feudalismo?



**4. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que aprendín sobre o Imperio bizantino?



**5. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que aprendín sobre o Imperio islámico?



# Avalíate

6. Relaciona os termos da primeira columna coas explicacións da segunda.

Carlomagno

Protagonizaron invasións nos séculos IX e X.

As marcas

Eran campesiños sometidos a un señor feudal.

Ostrogodos, suevos ou francos

Estableceu unha alianza co papado e foi o seu protector.

Viquingos e maxiares

É como denominan os musulmáns o seu deus.

Os mansos

Eran territorios de fronteira protexidos por un nobre.

Xustiniano

Tomaron Constantinopla e formaron o Imperio otomán.

Os servos

Gobernou o Imperio bizantino durante o esplendor do s. VI.

Os mongois

Eran pobos xermánicos.

Os turcos

Eran parcelas de terra cultivadas polos campesiños.

Alá

Proviñan de Asia e espallaron o islam no século XIII.

7. Sinala se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos.

1. Os cabaleiros pertencían á alta nobreza, polo que non pagaban impostos.

Verdadeiro

Falso

---

2. No século VII o islam dividiuse en xiítas e sunnitas.

Verdadeiro

Falso

---

3. O «décimo» era un imposto que pagaban os cabaleiros ao clero.

Verdadeiro

Falso

---

4. A Meca é a cidade santa do islam e alí está a Kaaba.

Verdadeiro

Falso

---

5. No sistema feudal os reis concentraban todo o poder na súa persoa.

Verdadeiro

Falso

---

6. O islam é unha relixión monoteísta que naceu en Arabia.

Verdadeiro

Falso

---

7. O Cisma de Oriente consistiu na división do Imperio en Imperio romano de Occidente e Imperio romano Oriente.

Verdadeiro

Falso

8. Sinala se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos.

1. Durante o feudalismo os nobres podían ser vasalos.

Verdadeiro

Falso

---

2. A dinastía abasida foi substituída polos omeias.

Verdadeiro

Falso

---

3. A época de esplendor do Imperio bizantino prodúcese no século VI.

Verdadeiro

Falso

---

4. Tras a morte de Carlomagno no século VI, o seu Imperio dividiuse.

Verdadeiro

Falso

---

5. Nos reinos xermánicos da Alta Idade Media as cidades e o comercio expandíronse.

Verdadeiro

Falso

---

6. O califa tiña o poder político e o *basileus* o poder relixioso.

Verdadeiro

Falso

9. Elixe a resposta correcta.

Durante a Alta Idade Media viviuse un clima de inseguridade debido...

- a. Ás continuas guerras producidas pola chegada do pobos bárbaros e polas invasións dos séculos IX e X.
- b. Á existencia dunha nobreza guerreira que actuaba ao servizo do rei.
- c. Ao declive das cidades e do comercio producido tras a caída do Imperio romano.
- d. A que os monarcas non eran quen de impoñer a súa autoridade en todo o territorio.

10. A principal consecuencia do contexto de inseguridade foi...

- a. Que os monarcas reforzaron a súa autoridade, pois deles dependía a defensa da sociedade.
- b. Que a maioría da poboación se trasladou a vivir nos castelos.

- c. Que os campesiños buscaron a protección dos señores.
- d. Que se produciron as invasións bárbaras e posteriormente de viquingos, húngaros e eslavos.

**11.** O poder económico da nobreza proviña fundamentalmente...

- a. Dos negocios e o comercio co Imperio islámico.
- b. Das rendas que percibían do traballo na terra dos campesiños.
- c. Do diñeiro que recibían directamente do rei.
- d. Do cobro dun imposto denominado décimo.

**12.** Os privilexios na sociedade feudal implicaban....


- a. Que a nobreza e o clero non pagasen impostos, tivesen os seus propios tribunais de xustiza e ocupasen os altos cargos de poder.
- b. Que os campesiños tivesen que traballar as terras dun señor a cambio do pagamento dunha serie de impostos.
- c. Que existise unha forte desigualdade económica entre a nobreza e o clero fronte aos campesiños, que subsistían con dificultades.
- d. Que o rei e a nobreza concentrasen o poder político e económico fronte ao resto da sociedade.

**13.** Indica a que época corresponde cada elemento.



	Imperio carolinxi	Imperio bizantino	Imperio islámico
Poder político e relixioso: califa	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Cesaropapismo: basileus	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Coroación de Carlomagno	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ruta da Seda	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Pipino o Breve	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Esplendor do s. VI (Xustiniano)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Omeias e abasidas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Emperatriz Teodora	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Tratado de Verdún	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

14. Completa o seguinte eixe cronolóxico cos feitos correspondentes.



\_\_\_\_\_ Hélixira, fuxida de Mahoma e os seus seguidores da Meca a Medina.

\_\_\_\_\_ Coroación de Carlomagno como emperador.

\_\_\_\_\_ Toma de Constantinopla polos turcos. Desaparición do Imperio bizantino.

\_\_\_ División do Imperio romano. Formación do Imperio bizantino.

\_\_\_ Chegada dos musulmáns á península Ibérica, onde formarán Al-Andalus.

\_\_\_ Caída do Imperio romano de Occidente. Formación dos reinos xermánicos.

**15.** Selecciona o imperio co que se corresponde cada un destes enunciados.

a. Formouse tras a división do Imperio romano, na parte oriental (ano 395).

b. Formouse tras a caída de Roma (ano 476), a partir do reino franco.


c. Produciuse a Hélixira (ano 622).

d. Chegaron á península Ibérica (ano 711).

e. Dividiuse co Tratado de Verdún (ano 843).

f. Desapareceu coa toma de Constantinopla polos turcos (ano 1453).

**16.** Completa o seguinte eixe cronolóxico cos feitos correspondentes.



\_\_\_ Esplendor do Imperio carolinxiu.

\_\_\_ Formación dos primeiros reinos medievais.

\_\_\_ Declive do Imperio bizantino.

\_\_\_\_\_ Crise do Imperio romano.

\_\_\_\_\_ Comezo da expansión islámica.

**17.** Selecciona o imperio co que se corresponde cada un destes enunciados.

a. Coroación de Carlomagno como emperador (ano 800).

b. Tratado de Verdún. División do Imperio carolinxio (ano 843).

c. Cisma de Oriente (ano 1054).

d. Toma de Bagdad polos turcos. Fin do Imperio abasida (ano 1258).

e. Toma de Constantinopla polos turcos. Desaparición do Imperio bizantino (ano 1453).

## Reforza

**18.** Completa o seguinte texto cos termos correspondentes.

privilexios ● señores ● marqueses ● campesiños ● monarcas  
vasalos ● estamentos ● alodiais ● nobreza ● servos

## O SISTEMA FEUDAL

Nun contexto marcado pola inseguridade e as guerras, os \_\_\_\_ foron incapaces de controlar o territorio e tiveron que ceder parte do seu poder á \_\_\_\_ . Condes, duques e \_\_\_\_ recibiron porcións de terra que pasaban a administrar en nome do rei, xurándolle fidelidade e converténdose nos seus \_\_\_\_ . Os \_\_\_\_ buscaron a protección dos \_\_\_\_ : moitos deles perderon a súa liberdade e transformáronse en \_\_\_\_ , pero outros conservaron a propiedade da terra e foron libres ( \_\_\_\_ ). O resultado foi unha sociedade dividida en \_\_\_\_ e marcada polos \_\_\_\_ dos que gozaban a nobreza e o clero.

19. Completa o seguinte texto cos termos correspondentes.

Imperio romano de Occidente ● división do Imperio  
crise do século III ● Imperio romano  
Imperio bizantino ● pobos xermánicos

## RUPTURA DA UNIDADE DO MEDITERRÁNEO

Na época do \_\_\_\_ existía unha unidade arredor do Mediterráneo. Sen embargo, a partir da \_\_\_\_ comenzaron unha serie de dificultades que concluíron coa \_\_\_\_ no ano 395. Xa no século V, os \_\_\_\_ penetraron as fronteiras imperiais e fixeron que no ano 476 o \_\_\_\_ desaparecese. Porén, o Imperio romano de Oriente resistiu estas invasións e perdurou baixo o nome de \_\_\_\_

20. Completa o seguinte texto cos termos correspondentes.

descomposición do Imperio ● invasións xermánicas  
segundas invasións ● subsistencia  
agraria ● ruralización

## REINOS XERMÁNICOS

Tras a caída do Imperio romano Europa viviu un clima de inseguridade provocado polas \_\_\_\_\_, que se agravou nos séculos IX e X coas \_\_\_\_\_ (viquingos, húngaros, eslavos...). Ademais, a \_\_\_\_\_ provocou o colapso da rede de cidades romana e produciuse un proceso de \_\_\_\_\_, que levou a xente a vivir no campo e practicar unha economía de \_\_\_\_\_ e de \_\_\_\_\_.

21. Completa o seguinte texto cos termos correspondentes.

*basileus* ● Imperio romano de Oriente  
Santa Sofía de Constantinopla ● Imperio  
bizantino Xustiniano ● cesaropapismo

Mentres no occidente europeo se formaban os primeiros reinos xermánicos, o \_\_\_\_\_ mantivo a súa unidade baixo a denominación de \_\_\_\_\_. O seu sistema de goberno caracterízase polo \_\_\_\_\_, pois un \_\_\_\_\_ concentraba o poder político e o relixioso. No plano cultural, destacou o período de \_\_\_\_\_ (x. VI) coa construción de \_\_\_\_\_.

22. Completa o seguinte texto cos termos correspondentes.

fragmentación política ● mongois ● Bagdad  
dinastía abasida ● dinastía Omeia ● unificación  
Califato ortodoxo ● Al-Andalus


A Arabia preislámica caracterizábase pola \_\_\_\_\_, pois se organizaban en tribos e non existía unha autoridade central. Porén, a partir de Mahoma logrouse a \_\_\_\_\_ arredor da nova relixión, o islam. Os seus catro primeiros sucesores \_\_\_\_\_ comezaron unha expansión que chegaría á súa máxima extensión na etapa da \_\_\_\_\_, cando chega até á península Ibérica onde forman \_\_\_\_\_. A \_\_\_\_\_ trasladou a capital de Damasco a

\_\_\_\_, cidade que foi saqueada polos \_\_\_\_ no século XIII.


## Amplía

- 23.** Le o seguinte [artigo](#) e observa con atención a galería de fotos. Logo, responde ás seguintes cuestións:

Que estereotipos existen sobre os viquingos?




- 24.** Como pensas que se difundiron estes estereotipos?




- 25.** Que probas (restos materiais) existen para matizar estes estereotipos?





- 26.** Procura na rede información sobre a serie de televisión *Vikings* e investiga a súa relación con Galicia.



- 27.** Como xa sabes, durante a Idade Media, no Imperio bizantino, a raína Teodora estableceu algúns dereitos pola igualdade da muller, o matrimonio entre clases sociais distintas, etc. Porén, non todos os Imperios, países ou épocas traballaron pola igualdade.

Malia estes grandes avances, os servos non podían casar sen o permiso dos seus donos, na maioría das cidades os matrimonios entre persoas de diferentes clases non estaban permitidos, tampouco entre persoas do mesmo sexo, a maioría das mulleres non tiñan dereitos e non era posible o amor fóra do matrimonio.

A continuación, escolle un dos temas mencionados e redacta un informe da situación destas persoas ou grupos sociais durante a Idade Media.

**28.** Compara a situación descrita no informe coa situación na actualidade.

- A muller na sociedade medieval.
- Muller e cultura.
- O matrimonio na sociedade medieval.
- Bodas de semellanza.
- O primeiro matrimonio homosexual de Galicia oficiouse no ano 1061.

## Actividade de síntese

**29.** Completa o seguinte esquema.

# Glosario

## Campeñinos libres (alodiais)

---

Eran campeñinos propietarios da súa terra que non dependían dun señor feudal polo que non estaban sometidos ás obrigas feudais. Conservaban a súa liberdade persoal para abandonar o feudo, decidir con quen casar ou que cultivar nas súas terras.

## Cesaropapismo

---

Teoría de goberno que defende que o emperador (césar) sexa tamén o máximo xefe relixioso (papa). O cesaropapismo eliminou a diferenza entre política e relixión, e supuxo na práctica a unificación destes dous poderes na figura do emperador, ao que se sometía a Igrexa.

## Clero

---

Estamento formado polos clérigos: papa, bispos, sacerdotes, monxes.... Na sociedade feudal encargábanse do culto relixioso, pero asumiron tamén funcións educativas e administrativas (moitos membros do alto clero posuían feudos).

## Condado

---

Eran territorios gobernados por condes nos que exercían o poder político, xudicial e militar. Estes condes eran nomeados polo rei, a quen lle debían fidelidade.

## Contrato de vasalaxe

---

Era o vínculo de unión entre un señor e o seu vasalo, e nel establecíanse unha serie de obrigas recíprocas. Levábase a cabo nunha cerimonia na que, por unha banda, o vasalo axeonllado e desarmado xuraba fidelidade ao seu señor (homenaxe); a cambio, o señor entregaba o feudo ao seu vasalo e garantíalle protección (investidura).

## Décimo

---

Imposto que o campeñinado debía entregar ao clero para o seu mantemento e que

imposto que o campesiñado debía entregar ao clero para o seu mantemento e que consistía na décima parte da colleita.

## Ducado

---

Territorio gobernado por un duque ou unha duquesa entregado polo rei en agradecemento por determinados servizos prestados.

## Emir

---

Gobernador dependente do califa que pode ter poderes políticos, económicos, militares e administrativos sobre unha zona.

## Estamento

---

Cada un dos grupos nos que se divide a sociedade feudal. A pertenza a un estamento dependía do nacemento, polo que era moi difícil ascender socialmente. Na Idade Media a sociedade organizouse en tres estamentos: dous privilexiados (nobreza e clero) e un non privilexiado (campesiñado).

## Feudo

---

Lote de terra que, no feudalismo, o señor entregaba ao seu vasalo a cambio da prestación de determinados servizos e dun xuramento de fidelidade, que se establecían no contrato de vasalaxe. As terras do feudo divídense en reserva señorial e mansos. Compoñían o feudo: terras cultivables, bosques, vivendas campesiñas, o castelo do señor, muíños, fornos, pontes, etc.

## Héxira

---

Migración de Mahoma e os seus seguidores da Meca a Medina no ano 622. É unha data moi importante no mundo islámico xa que se toma como o primeiro ano do seu calendario.

## Manso (feudal)

---

Eran as parcelas de terra que os campesiños recibían dentro do feudo e que explotaban directamente para obter o necesario para a súa subsistencia. Pola súa utilización os campesiños debían entregar unha renda ao señor.

## Marca

---

Territorio fronteirizo gobernado por un señor feudal (marqués) que se encargaba de asegurar a súa defensa. Por exemplo, no Imperio carolinxió a Marca Hispánica eran os territorios gobernados por nobres dependentes do rei que defendían a fronteira sur en contacto con Al-Andalus.

## Nobreza

---

Estamento formado polos reis, condes, duques, marqueses e cabaleiros. Os nobres eran posuidores de feudos que recibían directamente do rei, que se convertía así no membro da nobreza máis importante e que ocupaba o cumio da pirámide feudal.

## Pobos xermánicos

---

Grupos humanos establecidos historicamente no norte de Europa, ao leste do Rin e ao norte do Danubio. Estes pobos vivían fóra do *limes* (fronteira) do Imperio romano e non falaban latín, polo que foron denominados *bárbaros*. No século V protagonizaron migracións sobre o territorio romano, que supuxeron a fin deste Imperio.

## Reserva (feudal)

---

Era a parte de terra dentro do feudo que os campesiños traballaban para beneficio do señor. Por isto, comprendía as terras máis produtivas, ademais da propia residencia do señor (castelo), instalacións comúns (muiño, forno,...) e montes comunais.

## Señor

---

É o título que recibía a persoa que recibía un feudo. O señor beneficiábase economicamente da explotación da terra e ademais exercía o seu poder sobre os campesiños que vivían nese feudo.

## Servos

---

Eran campesiños sometidos á autoridade do señor feudal para quen traballaban gratuitamente. Carecían de liberdade persoal, polo que non podían abandonar o feudo nin casar con quen quixesen.

## Terceiro estado

---

Estamento non privilexiado composto maioritariamente por campesiños, leñadores e pastores, ademais dunha minoría de artesáns. Estaban obrigados a traballar para manter as outras tres ordes e carecían de dereitos.

## Vasalo

---

É a persoa que dependía dun señor feudal, de quen recibía protección a cambio da prestación de determinados servizos. O vasalo era normalmente un nobre con menos poder que o señor.

# Ligazóns

## A crise do Imperio romano

[http://iris.cnice.mec.es/kairos/enseanzas/eso/antigua/roma\\_03\\_01.html](http://iris.cnice.mec.es/kairos/enseanzas/eso/antigua/roma_03_01.html)

---

## As fronteiras do Imperio romano

<https://es.wikipedia.org/wiki/Limes>

---

## O Imperio bizantino

[https://es.wikipedia.org/wiki/Imperio\\_bizantino](https://es.wikipedia.org/wiki/Imperio_bizantino)

---

## Os hunos

<https://es.wikipedia.org/wiki/Hunos>

---

## A historia dos cabaleiros medievais

<http://sobrehistoria.com/el-caballero-medieval-en-el-combate/>

---

## Mosteiro San Pedro de Rocas (Ourense)

<http://patrimoniogalego.net/index.php/14805/2012/03/mosteiro-de-san-pedro-de-rocas/>



---

## Tratado de Verdún

[https://es.wikipedia.org/wiki/Tratado\\_de\\_Verd%C3%BAn](https://es.wikipedia.org/wiki/Tratado_de_Verd%C3%BAn)

---

## Teodora: de prostituta a emperatriz (RNE)

<http://www.rtve.es/alacarta/audios/mujeres-malditas/mujeres-malditas-teodora-bizancio/1688427/>

---

## Mosteiro do Dume

[https://pt.wikipedia.org/wiki/Mosteiro\\_de\\_Dume](https://pt.wikipedia.org/wiki/Mosteiro_de_Dume)

---

## Sunitas e xiitas: Que é o que os separa?

<https://actualidad.rt.com/actualidad/167320-sunitas-chiies-diferencias-conflicto%20>

---

## Musulmáns viven o Ramadán en España (La Sexta. Noticias).

<http://safeshare.tv/v/4evmahNnit0>

---

## Peregrinación á Meca (Euronews)

<http://safeshare.tv/v/ss56cc47cd7f033>

---

## Ruta da Seda

[http://iris.cnice.mec.es/kairos/temas/Intercambios/intercambios3\\_0102.html](http://iris.cnice.mec.es/kairos/temas/Intercambios/intercambios3_0102.html)

---

## O mundo musulmán

[https://es.wikipedia.org/wiki/Mundo\\_%C3%A1rabe](https://es.wikipedia.org/wiki/Mundo_%C3%A1rabe)

---

## Mundo islámico

[https://es.wikipedia.org/wiki/Mundo\\_isl%C3%A1mico](https://es.wikipedia.org/wiki/Mundo_isl%C3%A1mico)

---

## A muller na sociedade medieval

## **A muller na sociedade medieval**

<http://www.artehistoria.com/v2/contextos/1348.htm>

---

## **Muller e cultura**

<http://www.artehistoria.com/v2/contextos/1353.htm>

---

## **O matrimonio na sociedade medieval**

<http://www.artehistoria.com/v2/contextos/1349.htm>

---

## **Bodas de semellanza**

<https://es.wikipedia.org/wiki/Adelfopoiesis>

---

## **O primeiro matrimonio homosexual de Galicia oficiale no ano 1061**

<http://www.farodevigo.es/portada-ourense/2011/02/27/primer-matrimonio-homosexual-galicia-oficio-1061-rairiz-veiga/522378.html>

---

# Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

**Autores dos contidos:** Felix Longueira Fafián, Davide Loimil González, Xosé Antón García González.

**Asesora didáctica:** Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-122353-5-7